

BASES "XI CARREIRA POPULAR DAS PRAIAS"

ORGANIZA: Asociación cultural e deportiva Praias de Comado xunto coa colaboración do Concello de Barreiros

COLABORAN: Secretaría Xeral para o deporte da Xunta de Galicia - Deputación provincial de Lugo - Peña Barcelonista San Miguel - Agrupación Protección Civil de Barreiros

DATA: 13 de abril de 2025

HORA:

10:30 H. Probas infantiles

11:15 H. Proba adultos

10:00 H. Andaina

LUGAR: PRAIA COTO – BARREIROS – (LUGO).

SAÍDA CHEGADA DE TODAS AS PROBAS: Zona de Praia de Coto, [Aparcadoiro Praia de Coto](#)

RECOLLIDA DE DORSAIS:

Praia do Coto ata 15 minutos antes de cada unha das probas na mesa adicada a tal fin na caseta de socorristas da praia de Coto.

CRONOMETRAXE: Adultos e menores con chip a través da empresa Championchipnorte.

INSCRIPCIÓNS: Inscripción e información a través da web e

<https://carreirapopular das praias.jimdofree.com/>

<https://maiskmsbarreiros.gal/>

A inscrición nesta carreira automaticamente inscribe a cada corredor/a no "CIRCUITO +KMBARREIROS" na categoría correspondente do circuíto, podendo ser esta distinta á da carreira

PRECIO :

Carreira Adultos: 6 € ata o 31 de marzo e 10€ do 1 de abril ata o 10 de abril. Os que **non** son propietarios de chip amarelo terán un coste a maiores de 1€ en concepto de alquiler de chip, e depositarán unha fianza de 5€ que será reintegrada á semana seguinte da proba unha vez procesados os chips devoltos.

Andaina: 6€ ata o 10 de abril.

Nenos ata sub 16 gratuita. Os que **non** son propietarios de chip amarelo depositarán unha fianza de 5€ que será reintegrada á semana seguinte da proba unha vez procesados os chips devoltos. O prazo remata o día 10 de abril.

Tfnos información, 653684615 (Iván) , 629783703 (Carlos), 699700200 (Marta)

Datos a aportar polos participantes: Apelidos e Nome, DNI, data nacemento, sexo, tfno. contacto, e-mail.

CATEGORIAS E DISTANCIAS:

- PITUFOS: NADOS 2020 e posteriores / 80 m. Carreira non competitiva.
- SUB 8 : 2018 - 2019/ 150m. Carreira non competitiva.
- SUB 10 : 2016 – 2017 / 400 m.
- SUB 12 : 2014 – 2015 / 600 m.
- SUB 14 : 2012 – 2013 / 1.200 m.
- SUB 16 : 2010– 2011 / 1500 m.

CATEGORIAS ADULTOS – 9 KM Aproximadamente

- ALTAR (SUB 23): 2003 -- 2009
- COTO (SENIOR): 1991 – 2002
- LÓNGARA (VETERÁNS A): 1981 – 1990
- AS PASADAS (VETERÁNS B): 1971 – 1980
- AREALONGA (VETERÁNS C): Nacidos antes de 1971.

PREMIOS:

Haberá trofeos para os tres primeiros clasificados de cada categoría, tanto masculino como feminino. Asimesmo haberá premio para os gañadores absolutos masculino e feminino. A organización ofrecerá obsequios varios e avituallamento durante a proba e á chegada da mesma.

Por tratarse dunha proba deportiva popular non haberá premios en metálico.

PERCORRIDOS:

Os percorridos infantís serán na propia praia de do Acantilado, con varias distancias dependendo das categorías.

Adultos e andaina: Saída e chegada no aparcadoiro da Praia de Coto, . En percorrido de ida e volta.

Existirá un avituallamento líquido a metade de carreira.

Con este percorrido, os participantes na carreira pasarán pola maioría das praias do Concello de Barreiros, Acantilado, Coto, Pena da salsa, Valea, Fontela, Lóngara e Curbeira onde haberá un paso de control para despois voltar ó Acantilado.

E os participantes na andaina farán o percorrido de ida pola area , mentres que o de volta o farán polo paseo marítimo.

VARIOS:

A proba contará con unha ambulancia medicalizada, seguro de accidentes e de Responsabilidade Civil e servizos de protección civil.

Haberá servizo de duchas no pavillón polideportivo do Concello de Barreiros.

Por tratarse dunha proba deportiva e popular, sen ánimo de lucro, a organización non se fai responsable dos danos físicos, materiais, morais e de calquera índole que poidan sufrir os participantes ou os seus acompañantes.

Os participantes deberán levar sempre visible e na parte dianteira o dorsal que facilitará a organización. En caso contrario poderán ser descualificados, coa conseguinte perda de dereitos. Os participantes deberán pasar por todos os puntos sinalados do percorrido. O incumprimento disto dará lugar á descualificación do infractor. Os participantes poderán ser descualificados por comportamento antideportivo ou outro tipo de acción que a organización considere non apropiadas.

Os participantes aceptan o regulamento desta proba, así como autorizan á organización á publicación de fotografías, vídeos, e clasificacións nas que poidan aparecer. A organización poderá pedir un documento acreditativo da identidade.

Aseos e aparcadoiro na área de lecer da praia do Acantilado.

Os circuítos poderanse consultar na web da carreira.